



Secretaría
EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA
(PONTEVEDRA)

DECRETO Nº 362/2016

Visto o Decreto da Alcaldía nº 356/2016, de 2 de maio, relativo á convocatoria da sesión ordinaria a celebrar polo Pleno da Corporación o 5 de maio de 2016.

Advertido erro na redacción do mesmo e que afecta ao punto 5º da Orde do Día, xa que figura como "Ditame da Comisión Informativa de Organización e Funcionamento de 18/04/2016, relativo á proposta de aprobación da modificación dos estatutos do consorcio contra incendios e salvamento da comarca do deza e tabeirós-terra de montes", cando debería ser ditame da Comisión Informativa de Organización e Funcionamento de 18/04/2016, relativo á proposta de adhesión ao GDR-16 "Asociación de Desenvolvemento Rural Terras de Pontevedra Norte".

RESOLVO:

Corrixir a nomeada convocatoria, aprobada por Decreto da Alcaldía nº 356/2016, de 2 de maio, de xeito que o punto 5º da Orde do Día quedaría redactado do seguinte xeito:

5º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DE 187047216, RELATIVO Á PROPOSTA DE ADHESIÓN AO GDR-16 "ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL TERRAS DE PONTEVEDRA NORTE".

A ALCALDESA EN FUNCÍONS,

Vº, A SECRETARIA

Amalia Goldar Cora

Lucía Artime Alonso